

Asistentes:

- D. Mateo Alonso Corredera (Presidente)
- D. Patricio Salgado Alonso (Secretario).
- D. Jose Javier Fandiño Núñez (Vogal)

En Vigo, ás 12:00 horas do 02 de Decembro de 2022, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. *Sorteo e designación da mesa electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada da Federación Galega de Xadrez*
1. **Sorteo e designación da mesa electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada da Federación Galega de Xadrez**

Atendendo ao establecido no apartado III do artigo 9 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez realizarase o sorteo da mesa electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada da FEGAXA que terá lugar o 03 de Decembro de 2022 no Salón de Actos da Casa do Deporte de Vigo (Pontevedra) tal e como establece a convocatoria publicada na web.

Según o mencionado artigo: "A mesa electoral estará composta por tres (3) membros: unha presidencia, unha secretaria e unha vogalía, elixidos por sorteo entre os membros da Asemblea Xeral(...)" e tamén expón que "Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á Presidencia da Federación nin as candidatas á Comisión Delegada".

Realizado o sorteo queda establecida a mesa electoral da seguinte maneira:

Nome	Estamento
1.- D. Javier Fernández Costas	Deportistas
2.- D. Javier Teixeira Pazos	Presidente do Club de X. O Toque Xiria Carballo
3.- D ^a . Juana M ^a Martínez Fernández	Árbitros

Atendendo ao subapartado c) do apartado III do Artigo 9: "Ostentarán a presidencia e a secretaria os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da federación, exercerán as función da presidencia e secretaria da Asemblea Xeral da federación."

Polo tanto a Mesa Electoral da Asemblea Xeral que terá lugar no día de mañá, queda constituída da seguinte maneira:

- PRESIDENTE: D^a. Juana M^a Martínez Fernández.
- SECRETARIO: D. Javier Fernández Costas.
- VOGAL: D. Javier Teixeira Pazos.

Non habendo nada máis que tratar, levántase a sesión ás 12:19 horas.

Vº e prace:

D. Jose Javier Fandiño Núñez
Vogal da Xunta Electoral

D. Patricio Salgado Alonso
Secretario da Xunta Electoral

D. Mateo Alonso Corredera
Presidente da Xunta Electoral

